



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

IX lexislatura

Serie Deputación Permanente

Sesión da Deputación Permanente 1 de agosto de 2013

Presidencia da Excma. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

1.1 Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta do presunto financiamento irregular do Partido Popular de Galicia, doc. núm. 9984, do G.P. dos Socialistas de Galicia (09/SCDP-000006) e doc. núm. 9989 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (09/SCDP-000007).

1.2 Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para analizar a situación en que queda o sector naval galego despois da decisión do Colexio de Comisarios da Unión Europea na que esixe a devolución das axudas de *tax lease* entre os anos 2007 e 2011 e as posibles medidas adoptadas por parte dos gobernos de Galicia e España (doc. núm. 10175 (09/SCDP-000008)).

Ábrese a sesión ás doce do mediodía.

Punto único. Convocatoria dun pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

Punto 1. Comparecencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para dar conta do presunto financiamento irregular do Partido Popular de Galicia por solicitude do G.P. dos Socialistas de Galicia, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

A señora PRESIDENTA: En primeiro lugar ten a palabra, para a súa intervención, o representante do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

O desencadeante desta petición de comparecencia son as informacións publicadas o pasado 19 de xullo por un medio de comunicación que dan conta da existencia dun informe do xerente do Partido Popular de Galiza no ano 2006, o señor Modesto Fernández, que revela que o Partido Popular de Galiza foi receptor de doazóns ilegais por parte de numerosas empresas, na súa maioría do sector da construción e beneficiarias de contratos públicas por parte da Xunta de Galiza. Unha información, ademais, cuxa veracidade foi avalada –segundo o diario que publicou esta información– por varios dirixentes do Partido Popular de Galiza naquelas datas.

Cómpre lembrar que o señor Feijóo é presidente do Partido Popular de Galiza desde comezos de 2006, polo tanto,

xa era presidente do PPdeG na data na que se produciron estes feitos. Cremos que esta información ten por si a suficiente gravidade como para que esta Deputación Permanente aprobe a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galiza ante esa Cámara. Pero, ademais, todas as informacións que imos coñecendo sobre a financiación ilegal do Partido Popular poñen de manifesto que non estamos ante un feito puntual nin accidental, senón ante un feito estrutural, ante unha auténtica trama de financiación ilegal. Unha financiación ilegal que ademais se prolongou durante décadas e que responde a unha determinada concepción do exercicio do poder desde o noso punto de vista totalmente incompatible cos principios democráticos. Un esquema de poder concibido para privilexiar a determinadas elites económicas, empresas e elites económicas que financian o Partido Popular, que incluso –segundo as informacións que van transcendendo– pagan sobornos aos seus dirixentes, e logo o Partido Popular beneficiaas no exercicio do goberno utilizando ademais os recursos de todos os contribuíntes. En definitiva, unha concepción plutocrática do exercicio do poder que perverte e corrompe a democracia até reducila a un simple decorado.

Pero ademais, cantos máis datos coñecemos, máis indicios hai de que o Partido Popular de Galiza xogou un papel central nesta trama. A inmensa maioría dos ingresos que nutrían a caixa B do Partido Popular nos anos noventa procedían do Partido Popular de Galiza; o principal recadador até 1995 era o señor Ángel Piñeiro, xerente do Partido Popular de Galiza; o secretario de organización do Partido Popular de Galiza naqueles anos, o señor Pablo Crespo, é un dos actores principais da trama Gürtel; e o Partido Popular de Galiza foi tamén un dos principais beneficiarios desta trama de financiación ilegal, sendo xa o actual presidente da Xunta de Galiza o máximo dirixente do PPdG. E subliño isto, sendo xa o señor Núñez Feijóo o máximo dirixente do Partido Popular de Galiza, porque o señor Núñez Feijóo até agora xogou ao escaqueo, intentou marcar distancia cos escándalos que salpican ao seu partido dicindo que Bárcenas lle repugnaba; apelou a que non era militante do Partido Popular de Galiza cando Pablo Crespo era secretario de organización; dixo tamén que descoñecía que Pablo Crespo estaba en Portos de Galicia cando o señor Feijóo era conselleiro de Política Territorial, a consellería da que dependía Portos de Galicia; eludiu facer o máis mínimo comentario sobre a curiosa casualidade de que no xuízo aberto pola Audiencia

Nacional contra Marcial Dorado estea tamén acusado por branqueo de capitais e pertenza a organización delitiva Félix Pancorbo, é dicir, o avogado de Pablo Crespo e outros implicados na trama Gürtel, e espero –esperamos como BNG– que agora Núñez Feijóo non nos intente facer crer que sendo presidente do Partido Popular de Galiza descoñecía tamén estas doazóns ilegais.

O señor Feijóo, polo tanto, ten que comparecer, se non, estaría demostrando ante o pobo galego, ante a sociedade galega, que ten algo que ocultar. E non pode buscar desculpas ridículas para non comparecer, como dicir –como dixo– que se sente perfectamente representado polo señor Rajoy, que xa comparece hoxe no Congreso –todo un exemplo do xeito de entender por parte do señor Núñez Feijóo a responsabilidade que ostenta como presidente do Goberno galego–, porque os grupos que solicitamos esta petición de comparecencia non lle esiximos que compareza ante o Parlamento galego para falar de asuntos que non lle competen. Esiximos que dea explicacións sobre a presunta financiación irregular do Partido Popular de Galiza, o partido que goberna en Galiza, e sobre as doazóns efectuadas a este partido por empresas que foron beneficiarias de concesións e contratos públicos por parte da Xunta de Galiza, incorrendo, por tanto, nunha manifesta ilegalidade. Polo tanto, non pode agacharse detrás do señor Rajoy, compéttelle a el dar explicacións. Ten que comparecer e demostrar ante esta Cámara que estas acusacións son infundadas, e, se non o fai, ten que dimitir e convocar eleccións anticipadas, porque estas revelacións poñen en dúbida a súa lexitimidade para continuar no cargo.

O señor Feijóo quero lembrar que non deu aínda ante este Parlamento e ante a sociedade galega explicacións claras e suficientes, e moito menos convincentes, sobre a súa relación con Marcial Dorado. É máis, todas as preguntas chave sobre estas relacións seguen sen resposta, e a isto súmase agora a financiación ilegal do Partido Popular de Galiza cando el xa era o seu presidente. Un escándalo que pon en dúbida a lexitimidade dos propios procesos electorais, pois demostraría que hai partidos que concorren as eleccións dopados, facendo trampas. Un escándalo que pon en dúbida a lexitimidade de determinadas políticas públicas, e pónolles un exemplo, señores do Partido Popular: ¿como poden convencernos de que detrás do gusto pola colaboración público-privada, pola privatización da xestión de infraestruturas e servizos públicos, non está o pago de favo-

res ou a intención de favorecer empresas e elites económicas que son, ademais, as que financian o Partido Popular? Un escándalo que pon en dúbida a propia credibilidade das institucións, tendo en conta as importantes responsabilidades de goberno que ostenta e ostentou o Partido Popular tanto na Galiza como no Estado. E, polo tanto, un escándalo que esixe clarificar inmediatamente se estas acusacións son certas coa comparecencia do señor Feijóo.

E quero concluír cunha última apelación. O Bloque Nacionalista Galego non está a favor de cultivar o desprestixio da política. Sabemos o que se agocha detrás do intento sistemático de desprestixiar a política, sabemos o que se agocha detrás destas campañas: alimentar o populismo, crear o caldo de cultivo para solucións autoritarias. Pero para evitar este perigo é necesaria unha profunda rexeneración democrática, e o primeiro paso ten que ser a comparecencia urxente do señor Núñez Feijóo a esta Cámara para dar as explicacións que a sociedade lle demanda e, polo tanto, asumir as responsabilidades que destes feitos se poñan derivar.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, o señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, eu quero dicir que para nós, o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, e para min persoalmente, resulta moi penoso e moi lacerante ter que tratar hoxe esta temática, participar nesta sesión para reclamar unha comparecencia do máximo responsable do poder executivo no marco da autonomía galega para dar explicacións sobre irregularidades delituosas presuntamente –como se adoita dicir nos medios de comunicación–, nun contexto, nunha situación, como a que estamos a padecer e sen que tivese até agora o máximo responsable do poder executivo a galanura, cando menos, e a dignidade moral de tomar el mesmo a iniciativa de comparecer, como tantas veces acontece, ¿verdade? Estamos moi afeitos a que as peticións de comparecencia feitas pola oposición sexan sistematicamente rexeitadas,

con moi poucas excepcións –algunha hai–. Incluso houbo unha excepción, a respecto precisamente dunha petición de comparecencia do presidente da Xunta, na que o Grupo Popular finalmente deu o seu asentimento, pero estamos moi afeitos a que non haxa resposta positiva, que non se admitan, e, en troques, que sexan as comenencias do poder executivo as que establezan a orde e as ocasións de comparecer os distintos membros do Goberno.

Nesta ocasión para nós é moi penoso ter que estar reclamando algo, máxime no contexto concreto no que estamos, no concreto da traxedia que acaba de acontecer. Pero é que esa traxedia, ademais, non é máis que un episodio, só que horrorosamente tráxico, horrorosamente tráxico. Se houberse un atentado dun grupo terrorista no que morresen cinco persoas, estarían todas as administracións e os poderes políticos patas arriba. Non hai ningún atentado, pero hai o que aconteceu, e as sucesivas declaracións de responsables a nivel da Administración central do Estado, de organismos, de empresas públicas ou semipúblicas, xa están indicando que o que temos que ver é se conseguimos que o presidente da Xunta dea explicacións sobre algo que é presuntamente, se se corrobora, un delito. Así de simple, un delito, ¿verdade? E é un delito practicado en conivencia co que acaban sendo obxectivamente mafias, ¿verdade? Como diría Naredo: a “burguesía cementera” española, que procede do tempo do franquismo e que prolongou o mesmo modelo de funcionamento.

Francamente, imaxínense vostedes un país en estado de guerra, onde as forzas inimigas están a piques de atravesar o Canal da Mancha –a Gran Bretaña de 1939-1940– e bombardear. Aquí hai bombardeos virtuais. Imaxínense vostedes que rebentan fábricas e a xente queda sen emprego polas bombas; que se incendian explotacións agrarias e quedan sen emprego os labregos e a poboación sen alimentos; que bombardean hospitais, escolas... Aquí os bombardeos son virtuais: recórtase, recórtase, recórtase, recórtase, recórtase e recórtase. Aínda mañá –polo visto– este Parlamento, obediamente, vai celebrar un pleno para iso do teito –ou testo, como dicimos nós– de gasto –o testo da pota do caldo–. E mentres tanto resulta que un día tras outro o que sae a relucir é que, efectivamente, empeza a descubrirse que o partido actualmente gobernante, o partido que nesta Autonomía gobernou trinta ou vinte e oito dos trinta e tantos anos que levamos de Autonomía, pois... financiamento irregular.

Dá igual, a lei está para os demais, non para quen ten o poder.

¿A vostedes parécelles normal que esteamos nunha cámara de representantes neste contexto, nesta situación, tendo nós, a oposición, que reclamar que se dean explicacións? Bueno, pois nese estado de guerra resulta que o Goberno recorta financiamento para asistir e protexer os cidadáns agredidos pola guerra, porque isto é unha guerra de clases. Non o dicimos os de esquerdas, dixérono os grandes magnates do capital financeiro internacional: “estamos en una guerra de clases y además la estamos ganando”. Está nos medios de comunicación alternativos, así literalmente, e corroborado por economistas premios Nobel nada marxistas, nin menos leninistas, nin centellas en vinagre, que se chaman ao mellor Stiglitz, Paul Krugman, ou que se chaman, sen ser premio Nobel, pois James Galbraith, e así sucesivamente.

Bueno, pois entón os gobernos recortan financiamento necesario para asistir e protexer os cidadáns. Pero ademais o partido gobernante recada financiamento ilegal das mafias, por exemplo, do complexo militar-industrial, para festas e romarías de partido e para practicar evasión de capitais para facer aforros fóra polo que poida pasar, por se teñen que fuxir como *Tirano Banderas* en Valle-Inclán.

Parécelles un disparate do Beiras ¿verdade? Pois é un esperpento, pero, claro, os esperpentos retratan a realidade a traveso da imaxe que reflicten os espellos cóncavos *del callejón del gato*, como dicía don Ramón. E son máis reais e máis veraces que todo o que se diga por aí. Esta é a situación na que estamos, polo tanto, nós, eu mesmo agora, como portavoz de Alternativa, non vou insistir no que xa está nos medios de comunicación, non vou contar e repetir aquí o que xa está dito e lido. Hai máis, hai máis. A última é que resulta que tamén houbo financiamento ilegal para o Congreso do PP galego de 2006, no que precisamente o señor Núñez foi elixido presidente do Partido.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Xa vou rematando.

Polo tanto, nós facemos nosas as argumentacións dadas polo portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Seguramente

poderemos tamén facer absolutamente nosas as que faga o Grupo Socialista e o seu portavoz a seguir. E unicamente queremos dicir que para nós, dende logo, moi ben unha comparecencia, pero, se tivesen un mínimo aínda de vergoña, o que debería de facer o presidente da Xunta era convocar eleccións anticipadas para corroborar se ese apoio electoral do que sempre presumen, que lles deu 41 escanos, actualmente o teñen. Porque eu, dende logo, persoalmente estou convencido de que non o teñen e por iso se resisten, están metidos nun búnker, tanto aquí como a nivel de Estado, como estaban en Berlín na primavera de 1945, pero acabaron como acabaron: tiveron que suicidarse ao entraren os soviéticos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Beiras.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, efectivamente debatemos unha solicitude de comparecencia, dúas solicitudes de comparecencia dos tres grupos da oposición sobre a pertinencia e a necesidade de que o presidente Feijóo dea explicacións nesta Cámara.

Quero empezar falando do contexto económico-social e laboral de Galicia, de España, no que unha parte moi importante da poboación está sometida a unhas enormes dificultades de carácter económico. Neste contexto no que o Partido Popular visibiliza esa necesidade de reforzar a imaxe –pensemos na marca *España*, pensemos en todas estas campañas de carácter publicitario–, hai un elemento que é fundamental á hora de facer este reforzamento da imaxe dun país, dunha comunidade autónoma, dun estado, que é a confianza. A confianza é un elemento fundamental. A confianza na política e o elemento exemplificador, que é imprescindible que a política teña en contextos de dificultades; porque sen ese elemento exemplificador da política é como esas dificultades económicas, sociais e laborais poden converterse en derivas de carácter populista que historicamente se mostraron sempre non só perigosas, senón letais, para os sistemas democráticos, e lamentablemente Europa ten experiencias numerosas destas derivas.

Estamos asistindo hoxe, simultaneamente a esta deputación permanente, á comparecencia do presidente do Goberno de España no Congreso dos Deputados, na que se fala da presunta –aínda que a presunción eu me vou permitir neste caso poñela entre aspas– financiación irregular do Partido Popular. Trasládasenos desde este partido un novo enfoque, un avance nas liñas do coñecemento da ciencia política e da ciencia económica, que é que a transparencia e a información son malas para o crecemento económico e para a solidez dos sistemas económicos capitalistas. Evidentemente non é verdade, todo o contrario, a transparencia e a información son elementos centrais para consolidar sistemas económicos competitivos e modernos. E, por certo, non hai máis que mirar para os países máis transparentes, os países que todos os organismos sitúan nos niveis máis altos de gobernanza, que son os países que mellor resisten as crises económicas e os países que están máis capacitados para reaccionar ante esas dificultades.

Lamentablemente, este discurso central, neste caso do señor Rajoy hoxe e do Partido Popular de Galicia neste Parlamento, vímolos escoitando desde hai algún tempo e con algúns outros temas, e eu quero falar, aínda que moi brevemente, deles.

Recordo, cando os socialistas solicitábase a comisión de investigación das caixas, como o voceiro do Partido Popular dicía que en aras da facilidade de capitalización do banco resultante era conveniente aprazar a investigación, e, polo tanto, a transparencia e a información.

Vimos o éxito do proceso capitalizador. Lamentablemente a comisión atrasouse vinte meses, e lamentablemente tamén teño que dicir que, coa complicidade do Partido Popular e do Grupo Popular, se converteu nun teatro; enténdase con todo o respecto que me merece o teatro como bela arte.

Dixo tamén o voceiro do Partido Popular –cando se falou posteriormente das fotografías do señor Feijóo cun narcotraficante– que había toda unha estratexia das mafias para aproximarse ao poder político e lexitimarse política, social e economicamente.

Desde logo, hai antecedentes en Italia, pero a verdade é que, cada vez máis, esta comunidade autónoma se me pare-

ce á Italia de Berlusconi, porque o outro día pasou desapercibido como un xefe de aduanas, do servizo de vixilancia aduaneira, contou como foi apartado de maneira fulminante da investigación tras anunciar unha redada contra Marcial Dorado no ano 1998. Polo tanto, seguimos faltos de transparencia, faltos de información e coa marca Galicia seriamente danada. E agora aparece o terceiro escalón, e vendo as declaracións dos responsables do Goberno galego e dos responsables do Partido Popular de Galicia parécenos entender que a estratexia vai ser a mesma.

Quero facer un recorrido breve por esta cuestión. Ano 1997, 1998 e 1999: 19 millóns de pesetas máis 21 millóns de pesetas. Pablo Crespo vinculado á Gürtel. Bueno, eu creo que está todo contado e todos o sabemos. Nese momento o señor Feijóo era un técnico. Non sei se militaba ou non, a verdade é que os calendarios de militancia cada un coñece os seus, pero en todo caso era un técnico; un técnico con altas responsabilidades públicas, tanto no Goberno galego como no Goberno do señor Aznar en Madrid. Pero hete aquí que aparecen datos do ano 2005 e do ano 2006, e polo tanto ese discurso da técnica –da técnica contable fundamentalmente, me parece que era– cae de maneira absolutamente estrepitosa porque empezamos a falar de cantidades moi importantes de diñeiro negro que o Partido Popular de Galicia traslada a esa auténtica rede mafiosa que o Partido Popular, ou polo menos o xerente do Partido Popular, tiña montada. Falo do xerente do Partido Popular, ao resto imos poñerlle de novo o adxectivo *presunción*.

En todo caso, eu creo que teríamos que falar coa xente na rúa. Hoxe vén algunha enquisa na prensa sobre cal é a percepción social de que é o que estaba pasando na rúa Génova. Ben, pois o principal subministrador, a unidade de hemodinámica do que pasaba na rúa Génova, era o Partido Popular de Galicia. Eran moitos anos de Goberno de maioría absoluta e redes clientelares absolutamente coñecidas, explícitas, e negalas resulta case un insulto á intelixencia xa non destes deputados da oposición, senón dos cidadáns da comunidade autónoma.

Pagábanse fondos, pagábanse sobresoldos, en billetes de 500 euros, deles, 50.000 euros procedentes do Partido Popular de Pontevedra no ano 2009. Polo tanto, señor Feijóo, xa non lle vale a técnica nin a non militancia. E o Partido Popular de Galicia ten o seu lado escuro e teno que afrontar, fun-

damentalmente nunha primeira fase, neste Parlamento. Ese lado escuro vén de lonxe, e volvo á necesidade da transparencia e a información. Vén de cando algún alcalde –non os alcaldes, por suposto– da zona do Salnés foi condenado por contrabando de tabaco. Vén de como iso se vinculaba con Pablo Crespo, Pablo Vioque e coa rede Gürtel; insisto, o secretario xeral do Partido Popular, o señor Crespo, mantido en Portos de Galicia polo señor Feijóo. E vén, evidentemente, desta financiación ilegal que eu entendo absolutamente obvia, porque non podo entender, ou resúltame difícil de entender, que o autor destes documentos, o señor Modesto Fernández, tivera algo premeditada e aleivosamente en contra do señor Feijóo, de como se estaban subministrando fondos irregulares ao Partido Popular.

O señor Feijóo é conselleiro da COTOP dende xaneiro do ano 2003 e vicepresidente da Xunta dende setembro do ano 2004. Nese momento era o máximo responsable da contratación pública desta comunidade autónoma, como calquera conselleiro de Política Territorial. E el dixo moi solemnemente que abriu unha nova etapa. Non é verdade –dixémolo no seu momento–, o señor Feijóo vén da etapa anterior, é un herdeiro directo dos gobernos de Fraga Iribarne e apadriñado polo señor Romay Beccaría. E a imaxe tecnócrata, dunha especie de alumno da IS Business School aparecido non se sabe por que milagre na Administración autonómica, é radicalmente falsa, é radicalmente falsa.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, é imprescindible que veña e que compareza.

E é imprescindible tamén, á parte da transparencia, información. Nós vimos de solicitar –esperamos que con maior éxito que as informacións que solicitamos sobre o caso de Marcial Dorado– os expedientes administrativos das adjudicacións, dende xaneiro do ano 2002 a xuño do ano 2005, de tres empresas, importantes todas elas. Sempre temos os acrónimos: FCC, OHL, ACS. A verdade é que parece un código secreto. E esperamos que esta vez se contesten. Eu pediría, ademais, explicitamente á Presidencia do Parlamento que sexa coidadosa con esta cuestión. Trinta días segundo o artigo 9, rexistrámolo o 19 deste mes. É verdade que aínda lle quedan, polo tanto, 19 días para subministrarnos esta información. E esperamos tamén que non veña a contestar

oralmente á Comisión 2ª o secretaria ou o secretario xeral técnico da Consellería de Obras Públicas, Transporte e Infraestruturas.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque hai unha cuestión que para nós é fundamental e que o Partido Popular eu creo que non a entende moi ben, e dende logo o señor Feijóo non a entende en ningún caso. E é que neste sistema, o sistema constitucional español, que o Partido Socialista de Galicia e o Partido Socialista Obreiro Español apoian,...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...os presidentes dependen dos parlamentos, non ao revés. Se queren un sistema presidencialista, que o plantexen.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días a todos e a todas.

É certo que se contextualizou esta sesión de hoxe coa comparecencia circunstancial do presidente do Goberno e do Partido Popular, Mariano Rajoy, no Congreso dos Deputados. E o primeiro que queremos dicir é que, ao igual que o presidente anunciou antes de que se producise esta comparecencia, nós, unha vez escoitada a primeira das intervencións do presidente do Goberno, certamente non só nos sentimos representados senón que agradecemos as súas aclaracións e compartimos a súa mensaxe. Porque a súa mensaxe, basicamente –agora que se falaba de normas democráticas–, é unha mensaxe de confianza no Estado de dereito, é dicir, de submisión do poder ao dereito e, polo tanto, confianza nos valores que representa a democracia constitucional. Eu non coñezo ningunha mellor definición do que é unha democracia constitucional que a que se formula na declaración dos dereitos do home e do cidadán do ano 1789, froito da

Revolución francesa. Unha sociedade na que non estea establecida a garantía dos dereitos nin determinada separación de poderes carece de constitución.

E diso é do que estamos a falar no fondo: división de poderes. Ninguén, nin no Congreso nin hoxe aquí debateu, discutiu ou cuestionou que o poder xudicial sexa independente. Ninguén lle puido dicir ao Goberno do Partido Popular que interferise para nada en ningunha das actuacións xudiciais que están a ter lugar. É máis, o que hai é unha colaboración total e absoluta por parte do Partido Popular co poder xudicial. É máis, cando alguén confía no poder xudicial e insinúa que hai algún contrato que é ilícito porque ten contraprestacións, o que ten que facer é ir con ese contrato e confiar nos tribunais para que esclarezan a verdade.

En segundo lugar dicía separación de poderes e defensa dos dereitos. É certo que, desde que se formulou o principio do que é un Estado constitucional por parte dos que fixeron a declaración dos dereitos do home, o concepto de dereitos cidadáns variou moito. Engadíronse todos os de compoñente social; e, na última etapa do constitucionalismo, os que se asimilan ao termo de Estado social e democrático de dereito. Pero é certo que no Estado de dereito, social e democrático segue existindo un dereito que se chama “presunción de inocencia”. Está recollido no 24.2 da nosa Constitución.

Evidentemente, hai persoas que nos últimos tempos recordaron a importancia que ten preservar o dereito á presunción de inocencia. Eu vou omitir citas literais, é dicir, o de “fin da cita”, pero o Partido Socialista pode recorrer ao seu actual presidente, ao actual ministro de xustiza, que recentemente tamén se pronunciou sobre a importancia de respectar a presunción de inocencia, ou simplemente ás declaracións dunha persoa que, ao igual que o ministro Soria, padeceu unha suposta persecución como consecuencia dunha actuación xudicial que fala de infamias lanzadas por señores co único obxectivo de saír do cárcere. Eu non quero establecer ningún paralelismo, pero o certo é que neste país existe a presunción de inocencia.

E se existe a presunción de inocencia –sen comiñas, sen aspas, como algúns din, presuntos, presuntas actividades delituosas– se existe a presunción de inocencia e respecto á independencia do poder xudicial, pois aínda é moito peor cando se ten que inverter a carga da proba, cando non hai

ningunha acusación nin sequera en sede xudicial sobre o comportamento de determinados partidos políticos.

Isto, como acaba de dicir o señor Rajoy, esta inversión da carga da proba cando nin sequera hai algunha actuación delituosa –no caso xa do presidente da Xunta, evidentemente, non hai–, pois no que raia é no que acontecía en sistemas afortunadamente pretéritos no que é a nosa sociedade, como son o fascismo e/ou stalinismo.

O feito é que hai un señor, que é Luís Bárcenas, que está en prisión preventiva por presuntos delitos contra a Administración pública, contra a Facenda pública, por branqueo de capitais, por estafa procesual en grao de tentativa e por falsidade en documento mercantil. E vostedes o que están facendo, unha vez que se confirma xudicialmente ademais que o señor Luís Bárcenas é o único titular real das contas que aparecen en Suíza –que isto é o único que está confirmado por un auto xudicial nese procedemento–, é darlle máis credibilidade que, evidentemente, ás declaracións tan formais como as que se fan hoxe en sede xudicial por parte do presidente do Goberno e do Partido Popular, que en definitiva vén reiterar o que xa dixo o 2 de febreiro: que todo o que se estaba dicindo era falso.

Hoxe o presidente do Partido Popular recoñeceu que se equivocou ao crer a un falso inocente pero que non encubriu a un presunto culpable. E dixo claramente que son falsas as súas acusacións e por suposto son falsas as interpretacións da media ducia de verdades que se utilizan para darlle supostamente credibilidade ao que está utilizando no seu dereito de defensa o señor Bárcenas. E afirmou claramente que nin hai dobre contabilidade no Partido Popular, nin hai delitos, e que, se hai retribucións complementarias, foron diñeiro branco e que están incorporadas á contabilidade do Partido Popular.

E iso o di alguén que ten publicados os últimos dez anos da súa declaración de bens, de renda e de patrimonio. Polo tanto, nós entendemos que, por respecto ao Estado de dereito, isto de xogar a “maledicencias” –entre aspas–, etc., non é conforme ao que nós entendemos que é o Estado de dereito. Pensamos que ao mellor a xustiza acabe o seu traballo como defendía tamén hai pouco o líder do Partido Socialista. E dende logo, confiamos tamén no Grupo Popular en que, nin Mariano Rajoy, obviamente, nin o Partido Popular como

organización, se demostre que estiveron, porque non estiveron, incurso en ningunha actividade delituosa.

É certo que moitos non queren explicacións, senón deslexitimar o Goberno. Estamos vendo aquí, efectivamente, como se intenta mesmo mesturar isto con outras intervencións previas e outras acusacións previas, vinculando algunhas persoas co narcotráfico. Eu quero recordarlles que o que eu dixen das mafias era unha cita dunha declaración do presidente da Fundación contra o Narcotráfico. Iso foi o que eu dixen, que era como el definía aquel entorno. Bueno, eu simplemente lles recordo que iso foi unha cita literal do que dicía unha das persoas que loitou máis en Galicia contra o narcotráfico cando describiu o contexto daquela época.

Nós, evidentemente, cremos que, como dixo o portavoz do Bloque, detrás de toda esta utilización xa non de imputacións, senón de declaracións de acusados que exercen o seu dereito á defensa, hai detrás moitos riscos, entre eles o risco de que aparezan forzas antisistema. Son os que din que todo é igual, que todo está podrecido e que o sistema borbónico pois ten que ser substituído por unha revolución. Hai quen está nesa posición. Hai quen simplemente pretende desgastar o Goberno poñendo en xogo a credibilidade; efectivamente, un concepto moi importante. Agora que hai algúns signos que empezan a verse de que a situación económica pode mellorar, hai quen está a xogar coa credibilidade de España nos mercados financeiros internacionais. Nós, evidentemente, non imos xogar con iso, nós imos manter o noso compromiso, claramente, contra calquera forma de corrupción. Imos manter o noso compromiso claro na confianza nas institucións, na división dos poderes e nos principios que basean o Estado democrático de dereito, como é o principio da presunción de inocencia, máxime cando nin sequera hai ningunha acusación, imputación ou actividade xudicial relacionada co que vostedes piden ou co que xustifican para que se produza unha comparecencia do presidente.

Na Comisión Anticorrupción quedou claro o compromiso do noso Grupo Popular para buscar fórmulas para mellorar a prevención da corrupción. Hoxe o presidente do Goberno, no ámbito estatal, tamén anunciou avanzar en reformas para conseguir que as institucións sexan máis transparentes e para proceder a rexenerar a vida política española.

Evidentemente, nós tamén confiamos no Parlamento. Cremos que se algún día se demostra que houbo algunha actividade delituosa pois, evidentemente, será o momento de esixir nesta casa responsabilidades políticas, pero con feitos probados, non con base nas insinuacións, interpretacións torcidas ou calquera outra expresión semellante...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PUY FRAGA: ...que no fondo oculta un intento de desgaste do Goberno nun momento importante para a nosa economía.

Polo tanto, nós imos votar en contra desta petición de comparecencia solicitada polos grupos da oposición.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de peche.

Ten a palabra, polo BNG, o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, un recordatorio: estamos no Parlamento galego, e o Parlamento galego non é nin unha sucursal nin unha franquicia do Congreso dos Deputados. ¿Por que digo isto? Porque, en primeiro lugar, o señor Pedro Puy di que este é un debate contextualizado na comparecencia que se produce hoxe do señor Rajoy no Congreso dos Deputados. Mire, iso non é casualidade. Os grupos que solicitamos a comparecencia do señor Feijóo fixémoslo hai dúas semanas, e a maioría do Partido Popular é a que determinou que a Deputación Permanente se reunise hoxe para tratar este asunto para ocultalo ante o relevo informativo que vai ter o debate no Congreso dos Deputados.

En segundo lugar, nós solicitamos a comparecencia por asuntos que afectan ás competencias do señor Feijóo. Polo tanto, que non se agache detrás do señor Rajoy. Vostede o único que fixo foi un mal resumo da intervención inicial do señor Rajoy hoxe no Congreso dos Deputados.

E eu quero recordar varias cousas. En primeiro lugar, a separación de poderes non significa que ante un escándalo

lo desta magnitude un responsable político non teña que dar explicacións políticas para depurar as responsabilidades de índole política nas que se puidesen incorrer ante a máxima representación da cidadanía galega, que é este Parlamento.

En segundo lugar, eu creo que é sinxelamente impúdico apelar á necesidade da credibilidade ante os mercados financeiros cando o que está en xogo é a propia credibilidade da democracia por prácticas que perverten o funcionamento do que ten que ser unha democracia.

E, por último, o reiterado argumento de que os grupos da oposición nos apoiamos nas manifestacións feitas polo señor Bárcenas. Miren, señores do Partido Popular, tarde piaron, tarde piaron, presuntamente, en darse conta de quen era o señor Bárcenas, porque foi xerente-tesoureiro do Partido Popular a nivel de Estado durante vinte anos. Os sistemas de control interno do Partido Popular, polo visto, funcionan...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...estupendamente. Tivo todo o apoio e o respaldo do Partido Popular incluso cando xa estaba imputado. O Partido Popular xustificou a imputación como froito de campañas políticas que buscaban o desprestixio do Partido Popular. Tivo –sendo xa deputado– salario, despacho e cobertura xudicial por parte do Partido Popular. Sabemos dos “cariñosos” SMS que ate onte...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Jorquera, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...se cruzaban este señor e o señor presidente do Goberno español. Polo tanto, tarde piaron.

Pero miren, aquí estamos falando da corrupción do Partido Popular de Galicia, e nin o señor Modesto Fernández nin o señor Ángel Piñeiro negaron que as informacións publicadas fosen certas, e hai multitude de persoas que ostentaron responsabilidades no Partido Popular de Galicia que admiten que existía este mecanismo de financiamento irregular desde hai décadas. E o señor Feijóo elude dar expli-

cacións nesta Cámara, prefere esconderse detrás do señor Rajoy.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, por Alternativa Galega de Esquerda, o señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Como nos esperpentos nunca se sabe que sorpresa vai atopar un na páxina 101, despois de ler a 100, pois a min non me sorprende nada a intervención do señor Puy. Non merece nin sequera que me encerelle en debater con el nin en replicala. Para empezar, isto non é unha clase práctica de dereito constitucional. Se queren escapar por aí, escapen, poden facer todo o que lles dea a gana. E non se preocupe polo rexurdimento de forzas antisistema, porque a forza máis gravemente e explosivamente antisistema non está por xurdir, xa xurdiu, e é o Partido Popular; está cargándose o propio sistema constitucional existente, a orde constitucional e a orde do sistema dun capitalismo renano; está dinamitándoo por completo.

Presunción de inocencia. Francamente, os exercicios de cinismo son impresionantes, ¿non? Porque o maquinista que tivo a desgraza de ser o maquinista do convoi na noite do 24 foi xa acusado, nin presunción nin centellas, nada menos que polo ministro do Interior e polo delegado do Goberno. Da mesma maneira que o delegado do Goberno facía insinuacións presuntas de que houbera un atentado terrorista que o provocara. Si señor, está aí, (*Murmurios*.) e igual temos que pedir a comparecencia dese individuo aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) ¡Claro que é certo! (*Interrupcións*.) ¡Non minto nunca!

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Non minto nunca!

A señora PRESIDENTA: Señor Puy.

O señor BEIRAS TORRADO: Señora presidenta, ¿que pasa?

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Beiras, déixeme falar a min!

O señor BEIRAS TORRADO: ¿Chámame a atención a min?

A señora PRESIDENTA: Estou chamándolle a atención ao señor Puy. Faga o favor.

(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Díaz...

O señor BEIRAS TORRADO: Pero ¿onde os educaron a vostedes en democracia? ¿Onde recibiron a educación democrática? ¡Por favor!

Non teñen vostedes capacidade nin sequera de aturar que se digan verdades como puños. Non a teñen ¿verdade? Porque teñen mala conciencia, se é que lles queda algo de conciencia. ¡Xa está ben!

A señora PRESIDENTA: Señora Prado.

Continúe, señor Beiras, quédalle un minuto.

O señor BEIRAS TORRADO: El verde prado. El esplendor en la hierba.

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Puy, non ten a palabra.

Ten a palabra, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Bueno, cando remate o coloquio, efectivamente, poderei continuar a miña intervención, porque parece que aquí só se pode dicir o que estea dentro das normas que establezan dende alí.

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, ten un minuto para rematar.

O señor BEIRAS TORRADO: Moitas grazas, señora presidenta. Supoño que quedará medio minuto.

É absolutamente de vergoña allea. En calquera estado democrático europeo, aínda que só sexa democrático daquela maneira, no que se gardan simplemente as formas, está perfectamente distinguido nas prácticas políticas, na cultura

política, a diferenza entre as responsabilidades penais perante o poder xudicial e as responsabilidades políticas, a dignidade e a honestidade.

E non lles teño que recordar que un ministro inglés dimite simplemente porque anos atrás, ou tempo atrás, cometera unha infracción de tráfico e puxéraa a nome da muller; e por iso simplemente, dimite. E en Alemaña dimite unha ministra por ter plaxiado parte dunha tese doutoral nunha universidade; asunto universitario.

¡Aquí no dimite ni Dios! ¡Ni Dios dimite, claro! ¿Por que? Porque é indispensable manterse aí no poder para intentar parar todo o que está ocorrendo e para intentar botar terra sobre o esterco contaminado. Pero non van conseguilo, iso é o grave. Simplemente son vostedes os que están provocando unha situación de caos social, unha situación na que non se sabe cal vai ser o desenlace, porque a cidadanía activa vai continuar, porque é lóxico, necesitan defenderse, e vostedes están botando petróleo sobre cada lume que existe, no canto de botar terra ou auga.

Polo tanto...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Remato solicitando non só a comparecencia, senón que solicitamos e reclamamos que se convoquen eleccións anticipadas xa, para que se saiba que o Partido Popular conta con esa maioría absoluta que sempre nos pasan por diante dos fuciños e que naturalmente saben que non, por iso están metidos no castelo kafkiano e no búnker de Berlín, debaixo do Reichstag. E xa saben como acabaron aqueles.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Losada, para pechar o debate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor Puy, a verdade é que escoitándoo eu téño meridianamente claro. O Partido Popular na época do señor Fei-

jóo tivo financiación ilegal e non quere dar explicacións nesta Cámara. E aquí falamos de política, non falamos de dereito.

Por suposto que existe a presunción de inocencia, por suposto que existe a presunción de inocencia, pero vostedes, e especialmente o señor Feijóo, un día, de maneira solemne, como suele falar el nos plenos, dixo que a ética a daban os votos, e vendo como se está desenvolvendo hoxe esta Deputación Permanente, e vendo algunha cousa que vou ler despois, de declaracións do Partido Popular de Galicia a algunha persoa... A ética non a dan os votos. Os votos o que dan é o poder. A ética é como a beleza, tense ou non se ten. Non se merca, e dificilmente se intercambia. Polo tanto, evidentemente, esconderse, agocharse, ante esta información, que –insisto– contradí todo o seu discurso dos anos noventa, porque se nos anos noventa era un técnico, non militaba, etc., e era por iso polo que non viña, no ano 2006 xa non era un técnico, era o presidente do Partido Popular de Galicia, fora conselleiro e vicepresidente do Goberno Fraga Iribarne, polo tanto, aínda que só fora por iso, tería que vir.

E vólvoo repetir. Mire, falamos de política, non falamos de tribunais. ¡Home!, a independencia dos tribunais indubieblemente existe. Ás veces algún presidente dalgún tribunal relevante ten algún sesgo, e parece que aí non importa tanto a independencia do poder xudicial, señor Puy, a ver se só teñen que ser independentes aqueles que sexan progresistas, e os que sexan conservadores *pueden no ser independientes, pueden militar en el Partido Popular*, e, en fin, poden defender o modelo de sociedade que defende a dereita neste país e en Europa.

E falando de independencia do poder xudicial, señor Puy, o sms: *haremos lo que podamos*, ¿que significa? ¿ante quen? ¿Ante a Virxe María? ¿Ante quen? ¿Ante quen ía facer o señor Rajoy o que puidera, se non era ante o poder xudicial, defendendo a un señor que estaba imputado? (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non sei se o fixo. Eu non sei se fixo nada. Eu o que digo é: *Haremos lo que podamos*, ¿que significa enviado a un señor que está imputado? Eu, desde logo, entendo que é ante a xustiza, pero, volvo repetir, ao mellor era ante o seu confesor; tamén é certo que pode ocorrer iso.

Fala vostede da xustiza, pero mire, cada vez que acudimos á xustiza dende a oposición, o que din vostedes é que xudicializamos a política. Cada vez que imos á xustiza, o que di o Partido Popular, o que din vostedes... –Grazas señora presidenta, pareceume que estaba despistada–, o que din vostedes é que xudicializamos a política. Polo tanto, non pode ser subir e baixar á vez.

Mire, estes papeles eran os papeles do señor Bárcenas, e estes papeles do ano 2006, Modesto Fernández, son os papeles do señor Feijóo, gústelles ou non, e son os papeles do Partido Popular cando o presidía o señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E mire, señor Puy, o que non pode ser –porque sería dramático, se non fora unha broma de mal gusto– son algunhas declaracións feitas por algúns responsables sobre este tema, entre eles vostede.

Cando dixo –e aquí aparece en aspas, entendo que estará ben–: un presidente que comparece e responde ás preguntas da oposición en todos os plenos. ¿Comparece cando, señor Puy? Só desde decembro deste ano, é dicir, nesta lexislatura, hai 16 peticións que o Grupo Socialista pediu incluír en todas as xuntas de portavoces e non foi aceptada ningunha. ¿De que están falando? Eu entendo que isto, efectivamente, léeo a xente, conseguen que se publique, e efectivamente poden enganar a algúns, pero xa saben que non se pode enganar a todo o mundo todo o tempo.

E logo aínda hai outro responsable político máis perspicaz ca vostede, que é o conselleiro de Matí Corporation, que di que Feijóo é un exemplo de comparecencias e condicións no Parlamento. Eu entendo que alguén...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Losada, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...–remato, si– que dixo que estaba rematada unha estrada que non estaba iniciada ten dificultades de percepción, é evidente que as ten. Supoño que é unha patoloxía que se poderá tratar. Pero dicir que o señor Feijóo comparece e que é un exemplo de comparecencias en condicións neste Parlamento é insultar ao Parlamento, é insultar á Presidencia do Parlamento e é insultar, desde logo, á oposición e a todos os galegos. O que ten que facer é

dar a cara aquí, nun pleno. E se non aínda temos outra vía, os socialistas pedimos que compareza na Comisión de estudos sobre a corrupción.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Losada, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por certo, a Mesa da Comisión aínda non se reuniu, esperemos que aí si.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto.

Punto 1. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta do presunto financiamento irregular do Partido Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a solicitude do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9989).

Votación da solicitude do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda de celebración dun pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

Punto 1. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta do presunto financiamento irregular do Partido Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a solicitude do Grupo Parlamentario Socialista documento número 10175.

Votación da solicitude do G.P. dos Socialistas de Galicia de celebración dun pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

Punto 2. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para analizar a situación na que queda o sector naval galego despois da decisión do Colexio de Comisarios da Unión Europea que esixe a devolución das axudas de tax lease entre os anos 2007 e 2011 e as posibles medidas que deberán adoptar os gobernos de Galicia e España.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

A señora PRESIDENTA: Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión á unha e trinta e catro minutos da tarde.